

# A NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA NO ENSINO: ANÁLISE PARCIAL DO PROCESO E DOS RESULTADOS NO E.X.B. \*

*Daniel VEIGA MARTINEZ*

*Neves ARZA ARZA*

Universidade de Santiago

## 1. Introducción

Nesta comunicación pretendemos realizar unha aproximación á situación do proceso de normalización lingüística no ensino, e para elo analizamos brevemente algúns dos compoñentes que cremos son básicos para entender o desenvolvemento e logros de dito proceso.

En concreto, centrarémola atención nos seguintes apartados:

- a) A situación do ensino en galego.
- b) Algunhas notas sobre a formación do profesorado en galego e sobre o material didáctico para o ensino en galego.
- c) Logros lingüísticos acadados polo alumnado de oitavo de EXB.

En definitiva, trátase dun achegamento global á problemática prescindindo, por motivos de espazo, dunha análise pormenorizada de cada un dos aspectos que se recollen nos apartados a), b) e c).

## 2. A situación do ensino en galego.

### 2.1. *Linguas vehiculares e normalización lingüística.*

A distribución do espazo vehicular é a estratexia fundamental, e a única verdadeiramente relevante, coa que conta un sistema educativo para contribuir eficazmente no proceso de normalización lingüística; en consecuencia, a intensidade do impulso de dito proceso vén dada, en definitiva, pola cantidade e «calidade» do espazo vehicular do ensino que se lle asigna.

### 2.2. *Evolución e duración das experiencias de ensino en galego.*

No que fai á evolución cuantitativa das experiencias de ensino en galego no ensino básico obsérvase un incremento variable segundo falemos de quinto de EXB ou de oitavo de EXB.

---

(\*) A División de Estudos sobre Bilingüismo elaborou un Informe sobre a situación lingüística no EXB, pero ata Febreiro non podemos facer uso del. Parece ser que en dito mes, a Consellería de Educación ten previsto publicalo.

No caso de quinto de EXB —e analizando dita experiencia dende o ano 1983 ata o 1988— constátase un incremento acumulado do 9 %, localizado temporalmente no paso do curso 1986-87 ó 1987-88.

No que afecta ó nivel de oitavo de EXB, apréciase un incremento maior que se sitúa no 19 %, e afecta temporalmente en maior medida a partir do curso 1986-87.

En xeral, a evolución porcentual do ensino en galego amosa un relativo dinamismo, sobre todo, a partir da promulgación da Orde do 31 de agosto de 1987 no que se regulamentan os mínimos obrigatorios para o ensino en galego.

A nivel específico, constátase unha escasa progresión ano a ano, coa agravante de que nos primeiros niveis de EXB dita progresión é negativa ou non se da —no curso 1983-84 a taxa de ensino en galego é do 23 % e no ano 1986-87 é do 20 %, e refírese ós cursos de 1.º, 2.º e 3.º de EXB—. (Téñase tamén en conta que aproximadamente un 10 % de ditas taxas débense o ensino da asignatura de Lingua e Literatura Galegas).

Polo que fai a duración de tales experiencias, os datos amosan que a nivel de quinto de EXB (curso 1987-88) o ensino en galego realízase xeralmente na asignatura de Ciencias Sociais (81 %), sen embargo a súa duración é practicamente anual (58 %). Nas restantes materias, a presenza de tal experiencia sitúase ó redor do 20 %.

A situación do galego como lingua vehicular a nivel de oitavo de EXB (curso 1987-88) é algo maior, afectando especialmente á asignatura de Ciencias Sociais (91 %), e tamén, aínda que en menor medida a de Plástica (75 %), Educación Física (58%) e Lingua Extranxeira (46%). As restantes materias sitúanse cunha taxa ó redor do 35 %. As duracións de tales experiencias sitúanse entre un e tres anos afectando, segundo dito criterio, a distinta porcentaxe do alumnado.

En definitiva, existe unha prescrición escasamente implementada de ensino en galego en Ciencias Sociais, sen embargo, constátase que a galeguización do ensino realízase de forma voluntarista, naquelas materias menos valoradas socialmente e que unha vez postas en marcha, a súa continuidade ademáis de irregular, dependendo da iniciativa persoal do profesorado.

### 3. Algunhas notas sobre a formación do profesorado en galego e sobre o material didáctico para o ensino en galego.

#### 3.1. A formación en galego do profesorado de EXB.

A formación en servizo do profesorado constitúe unha tarefa de trascendental importancia para asegurar, entre outras cuestións, unha educación de calidade. Entendendo que a formación do profesorado en galego é un tipo de formación en servizo, consideramos que o seu tratamento neste traballo pode considerarse tamén prioritario.

TÁBOA 1

Total de cursos impartidos e profesorado de EXB que os recibiu dende o ano 1983 ata o ano 1989.

Tipo de curso	Profesores	(%)	Cursos	(%)
Iniciación . . . . .	5.264	31	122	31
Perfeccionamento . . . . .	7.138	42	170	43
Especialización . . . . .	4.565	27	100	25
TOTAL . . . . .	16.976		392	

FONTE: Elaboración a partir dos datos de GONZÁLEZ, M. e FUENTES, E. X. (1990). Páx. 327.

Como se pode observar na (Táboa 1), a Administración Educativa ten realizado no EXB unha cantidade importante de cursos de galego —no EXB, o 78% do profesorado posúe algunha titulación—, dende o ano 1983 ata 1989 suman un total de 392 cursos nos que participaron 16.967 profesores. Ditos cursos, proporcionan unha formación esencialmente lingüística, polo que parecen dirixidos sobre todo ó profesorado de Lingua Galega, esquecendo a formación especificada do profesorado para ensinar en galego nas distintas materias, así como os aspectos pedagóxicos e sociolingüísticos. (ARZA, CAMPOS, VEIGA e RUBAL, 1990, páx. 133).

TÁBOA 2  
Titulación segundo autoavaliación da competencia para ensinar en galego

Nivel de ensino	POSITIVA		NEGATIVAS	
	Público	Privado	Público	Privado
Iniciación .....	43.6	31.5	56.4	68.5
Perfeccionamento .....	62.7	71.0	37.3	29.0
Especialidade .....	91.7	94.9	8.3	5.1
Licenciatura .....	87.0	100.0	12.3	0.0
Outras .....	—	66.7	—	33.3.

FORNTE: ARZA, N., CAMPOS, A., VEIGA, D. e RUBAL, X. (1990a): Op. cit. Páx. 137.

No que afecta á eficacia de ditos cursos a información que se ofrece na (Táboa 2), pón de manifesto a escasa afectividade para dotar de suficiente competencia lingüística en galego dos cursos de Iniciación (56% e 68% de profesores que se autoavaliaban negativamente no Ensino Público e Privado respectivamente) e dos de Perfeccionamento (37% e 29% de profesorado que se avalía negativamente no Ensino Público e Privado respectivamente).

### 3.2. *Material didáctico en galego no EXB.*

Unha das condicións fundamentais para o desenvolvemento positivo do ensino en galego constitúe a existencia de dotación de material didáctico, polo que parece necesario analizar neste traballo dita realidade.

Como se pode observar na (Táboa 3), a dotación de material didáctico en galego afecta esencialmente á materia de Lingua Galega nos distintos ciclos, sendo a súa presenza moi escasa no Preescolar (3%). —Os datos relativos os distintos niveis de ensino aquí non analizados son: Formación Profesional, 0.7%; B.U.P., 8.%; C.O.U., 0.7%; BUP/FP, 0.7% e Varios de EXB, 7%...

No Ciclo Inicial, a taxa total de libros en galego sitúase no 19%, sendo libros de Lingua Galega o 14.4%. A dotación redúcese a dous libros, un para cada curso do ciclo que permitirían vehicula-lo ensino en galego e varios que o farían posible na área de Experiencias.

No Ciclo Medio, a taxa global de libros en galego é do 36%, sendo de Lingua Galega o 17,4% e de Ciencias Sociais o 16%. Neste ciclo non se conta con textos de Matemáticas e só habería dous de Ciencias Naturais.

Na Segunda Etapa, a taxa total de libros en galego sitúase no 25%, pertencendo o 16% a asignatura de Lingua Galega e o 7% a de Ciencias Sociais. Disporíase

neste ciclo dun libro de Matemáticas e outro de Ciencias Naturais para cada curso.

En definitiva, os datos amosan a infradotación de material didáctico na que se desenvolve o ensino en galego, así como a falla total de planificación neste campo.

#### 4. Logros lingüísticos acadados polo alumnado en oitavo de EXB.

Aínda que a norma legal básica establece que a meta lingüística a acadar polo alumnado no dominio do galego será en igualdade co castelán, outros documentos posteriores (XUNTA DE GALICIA, 1984) e (LAMELA e OTERO, 1986), establecen obxectivos distintos, se ben, e para o nivel ó que nos estamos a referir, os programas establecen que os galegos ó remate do EXB sexan quen de entender e facerse entender falando ben ou escribindo con corrección, propiedade e soltura a lingua galega.

##### 4.1. Datos relativos á comprensión e expresión oral en galego e en castelán no alumnado de oitavo de EXB.

Dentro do que chamamos lingua, consideramos que é a competencia oral, —a habilidade ata agora máis descuidada (EQUIPO DE LINGUA GALEGA, 1990)— a que se require dunha atención privilexiada, polo tanto a nosa análise vaise centrar en dita competencia.

TÁBOA 4  
Comprensión e expresión oral en oitavo de EXB

	COMPRESIÓN ORAL		EXPRESIÓN ORAL	
	Galego	Castelán	Galego	Castelán
SI .....	71.0	93.2	37.7	83.7
ALGO .....	28.5	5.4	54.9	13.5
NON .....	.6	.8	7.4	1.7
N.C. ....		.6		1.1
N (TOTAL) .....	355		355	

FONTE: RUBAL, X. e RODRÍGUEZ, M. (1987). Op. cit.

Como se pode comprobar na (Táboa 4), os niveis de comprensión oral do galego (71%) e do castelán (93%) son bastante altos, sendo moi escasos os alumnos-as que din entender «algo» no caso do castelán (5%), mentres que para o galego dita taxa é do 28%.

No que fai ás taxas de expresión oral, a situación amósase moi desigual, mentres din domina-lo castelán o 84%, só serían quen de fala-lo galego ben o 38%. Cunha competencia lingüística insuficiente en galego sitúase no 55%, mentres que en castelán é do 13%. Por último, un 7% non sería quen de fala-lo galego.

TÁBOA 5

Expresión oral en galego e castelán segundo o emprazamento do centro

Hábitat	SI		ALGO		NON		N.C.		N
	GAL.	CAS.	GAL.	CAS.	GAL.	CAS.	GAL.	CAS.	
Aldea .....	48	54	40	39	12	6	—	1	67
Vila .....	35	86	60	11	5	—	2	—	152
Cidade .....	36	95	56	4	7	—	—	—	136

FONTE: RUBAL, X. e RODRÍGUEZ, M. (1987). Op. cit.

O entorno rural —galegófono—, amosa unhas taxas de insuficiente competencia nos dous idiomas, sendo, paradóxicamente o galego o idioma no que din posuir unha menor (40%) ou nula competencia (12%), mentres que as taxas no mesmo caso para o castelán son do 39% e 6% respectivamente.

No contexto vilego —en boa medida galegófono—, presenta unhas taxas de dominio moi baixas no caso do galego (35%), mentres que no caso do castelán son do 86%. A insuficiente competencia afecta maioritariamente ó galego (60%).

O medio urbano —maioritariamente castelanófono—, presenta unha porcentaxe de dominio do castelán do 96%, mentres que para o galego sitúase no 36%. No caso do idioma galego, o dominio é insuficiente no 56% dos casos.

En xeral, a escola está a desenvolver unha moi escasa labor galeguizadora —nas vilas e cidades aproximadamente un 60% domina dito idioma dunha maneira insuficiente—, podendo afirmar que no medio rural, a labor da institución escolar convírtese en dobremente negativa, dado que as competencias na expresión oral son insuficientes nos dous idiomas nunha taxa que se sitúa ó redor do 40%.

## 5. Conclusións.

A situación do proceso de normalización lingüística no ensino veuse desenvolvendo sen unha planificación previa dos pasos a seguir e das estratexias máis axeitadas para conquero-lo que se establece na Lei de Normalización Lingüística.

Dita implantación amósase na evolución do proceso e nos seus resultados (ensino en galego dependente da vontade do profesorado, infradotación de material didáctico en galego, formación en galego do profesorado escasamente eficaz e incompleta e logros lingüísticos moi desiguais positivos para o galego.

De todas maneiras, a Administración ten potencialidades que debe aproveitar para impulsar o proceso de normalización lingüística; entre elas podemos subliñar: a case totalidade do alumnado entendería ben o galego, aproximadamente as 3/4 partes do profesorado posúe algunha titulación en galego.

## 6. Bibliografía.

- ARZA, N., CAMPOS, A., VEIGA, D. e RUBAL, X. (1990a): «A situación do proceso de normalización lingüística no ensino». En: CARIDE, J. A. (Coord.): A educación en Galicia. Informe Cero. Problemas e perspectivas. Santiago. ICE. Universidade de Santiago. 95-142.
- ARZA, N. e VEIGA, D. (1990b): «Algunhas notas sobre o material didáctico para o ensino en galego». CADERNOS DE LINGUA, 1, 125-130.
- EQUIPO DE LINGUA GALEGA. (1990): «Novas propostas na didáctica da lingua». CADERNOS DE LINGUA, 1, 111-117.
- GONZALEZ, M. e FUENTES, E. X. (1990): «A formación en exercicio do profesorado de EXB». En: CARIDE, J. A. (Coord.): A educación en Galicia. Informe Cero. Problemas e perspectivas. Santiago. ICE. Universidade de Santiago. 421-467.
- LAMELA, P. e OTERO, D. (1986): «Organización dun sistema bilingüe en Galicia». En: SIGUAN, M. (Coord.): Las lenguas minoritarias y la educación. Barcelona. ICE-PPU. 131-170.
- RUBAL, X. e RODRÍGUEZ, M. (1987): O galego no ensino público non universitario. Santiago. Consello da Cultura Galega.
- VEIGA, D. e ARZA, N. (1989): «A lingua galega no currículo escolar e o proceso de normalización lingüística». Comunicación presentada no I SIMPOSIO INTERNACIONAL DE DIDÁCTICA DA LINGUA E A LITERATURA. A Coruña.
- XUNTA DE GALICIA (1984): Programas de lingua e literatura galegas. Preescolar e EXB. Santiago. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- XUNTA DE GALICIA (1989): Lexislación actualizada sobre a lingua galega. Santiago. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.